

## ANUNCIO

Para xeral coñecemento faise saber que por Resolución da Alcaldía 2017/0004, do 14/06/2017 aprobáronse as seguintes:

Bases para a selección e contratación como persoal laboral temporal dunha **brigada de 5 operarios** (1 xefe de brigada; 1 peón-condutor; 3 peóns de brigada) para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa contra os incendios forestais e a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de xeito manual e a creación de 3 listas de aspirantes a persoal laboral temporal como brigadistas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais (xefes de brigada; peóns condutores; e peóns de brigada).

### Índice:

BASE 1	Obxecto da convocatoria.....	1
BASE 2	Duración da provisión.....	2
BASE 3	Sistema selectivo.....	2
BASE 4	Requisitos dos aspirantes.....	3
BASE 5	Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes.....	4
BASE 6	Tribunal cualificador.....	5
BASE 7	Criterios de selección.....	5
BASE 8	Curso teórico-práctico de formación.....	7
BASE 9	Formación de bolsa de traballo.....	8
BASE 10	Interpretación das bases.....	9
BASE 11	Recursos.....	9
ANEXO I	Modelo de solicitude.....	9
ANEXO II	Relación de méritos.....	10

### **BASE 1**                      **Obxecto da convocatoria**

O obxecto desta convocatoria é selección e contratación como persoal laboral temporal dunha brigada de 5 operarios para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de xeito manual e a creación dunhas listas de aspirantes a persoal laboral temporal como brigadistas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais para a súa contratación, de ser o caso, neste ano 2017 e/ou nos vindeiros anos, sen prexuízo de que antes da súa contratación os aspirantes teñan que superar e acreditar os extremos requiridos no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Agolada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado

parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2012, do 23 de xuño de 2016, e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixido pola normativa aplicable e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Seleccionarase unha brigada formada por:

- 1 Xefe de brigada
- 1 peón condutor
- 3 peóns de brigada.

Así mesmo confeccionarase tres listas de aspirantes: xefe de brigada, peón de brigada-condutor e peón de brigada.

As listas de aspirantes que se creen terán vixencia ata o 31/12/2018. Non obstante, a dita lista quedara anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproban novas listas de aspirantes ou se licita a prestación do servizo.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, cunha xornada segundo a lexislación vixente e conforme as quendas de traballo que estableza o Distrito Forestal cos descansos establecidos por lei de ser o contrato a xornada completa, ou a parte proporcional que se estableza en cada caso, e coas retribucións correspondentes segundo o convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Agolada.

Con carácter xeral, a modalidade contractual será de obra ou servizo determinado establecéndose un período de proba de 15 días.

As funcións a desenvolver polos membros da brigada veñen determinadas polo Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Agolada.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, festas locais, así como as quendas de noite necesarias).

Ao iniciarse a etapa de alto risco de incendios o 1 de xullo e, en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramítase de urxencia, conforme ao previsto no artigo 33 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

## **BASE 2                      Duración da provisión**

Ó remate do proceso selectivo aprobaranse tres listas de aspirantes (de xefe de brigada, de peón de brigada-condutor e de peón de brigada respectivamente) a persoal laboral temporal, para a súa contratación, de ser o caso, neste ano 2017 e/ou nos vindeiros anos, sen prexuízo de que antes da súa contratación os aspirantes teñan que superar e acreditar os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Agolada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2012, do 23 de xuño de 2016 e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixido pola normativa aplicable e previa

acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

### **BASE 3 Sistema selectivo**

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que respectará en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e axilidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso-oposición libre.

### **BASE 4 Requisitos dos aspirantes**

1.- Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:

-Ter nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

-Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta; acreditarase mediante informe médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como "Proba de aptitude física" nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

-Dispor de carné de conducir B (aspirantes a xefe de brigada e/ou peón condutor)

-Para os/as ASPIRANTES A XEFE DE BRIGADA. Ademais: estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

- Para os aspirantes a PEÓN BRIGADISTA-CONDUTOR. Ademais: estar en posesión de certificado de escolaridade ou equivalente

- Para os aspirantes a PEÓN BRIGADISTA. Ademais: estar en posesión de certificado de escolaridade ou equivalente.

2- Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de instancias.

#### **BASE 5 Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes**

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentaranse conforme ó modelo que figura no anexo I e dirixiranse ao alcalde da corporación expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos na base anterior.

Presentaranse no rexistro xeral do concello, podendo presentarse tamén conforme ó sinalado na Lei 39/2015.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación das presentes bases nun periódico dos de maior difusión dos da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

Á instancia, conforme ó modelo que figura no anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia compulsada do documento nacional de identidade, ou pasaporte.

- Copia compulsada do título académico e/ou carné de conducir B, segundo o posto.

- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base sétima. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia cotexada dos contratos de traballo e co informe da vida laboral ou, no casos de Administracións Públicas, co certificado expedido polo fedatario público da correspondente Administración ou coa copia cotexada do nomeamento e o informe de vida laboral. Ademais, poderán achegarse certificados de empresa ou da Administración Pública para acreditar as concretas función dos traballos desenvoltos.

.-Informe médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como "*Proba de aptitude física*" nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

-Relación de méritos, seguirase obrigatoriamente o esquema segundo o modelo anexo II destas bases.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditara resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, sen prexuízo doutros medios de publicidade que poida estimar oportunos o Concello de Agolada e concederá un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou emenda de erros.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou da proba de aptitude física, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

#### **BASE 6 Tribunal cualificador**

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: Un funcionario designado pola Alcaldía.

Secretario/a: Un funcionario designado pola Alcaldía.

Vocais: como mínimo tres vocais designados pola Alcaldía.

Os/as vocais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 26 de novembro.

#### **BASE 7 Criterios de selección**

A) FASE DE CONCURSO: máximo 6 puntos

1.- Experiencia laboral: máximo 3 puntos.

Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios: 0,20 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial ratearanse segundo corresponda. O resto de días que non cheguen a 30 computaranse como un mes si son máis de 15 días.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificado de vida laboral (co obxecto de determinar a duración real da relación contractual) e copias auténticas dos contratos de traballo onde figure de forma clara a categoría do posto de traballo desenvolvido (co obxecto de determinar as funcións realizadas). De non achegar ambos documentos vida laboral e contrato non se terá en conta os méritos alegados. No caso de que o Tribunal de selección ante a documentación presentada observe dúbidas tanto referente á duración do contrato como en canto a que se trate dun contrato relacionado co servizo de prevención e extinción de incendios, non valorará dita experiencia laboral.

Dadas as características dos tipos de postos de traballo non se terán en conta a experiencia que poda ter sido levada a cabo baixo o réxime de autónomo.

2 Formación: máximo 3 puntos

Cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologadas por estas:

De menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

De 20 a 40 horas: 0,30 puntos/curso

De máis de 40 horas: 0,50 puntos/curso

Os cursos onde non figure expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos/curso.

Os méritos alegados acreditaranse mediante documentos orixinais ou copias autenticadas. Os cursos impartidos por entidades homologadas polas Administracións deberá constar dita homologación ben no título ou ben en documento aparte que sexa aportado polo propio aspirante, de non constar, non se procederá á súa valoración.

Unicamente baremaranse aqueles méritos debidamente relacionados segundo modelo recollido no anexo II destas bases.

FASE DE OPOSICIÓN: máximo 14 puntos

A fase de oposición constará de tres exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

PRIMEIRO EXERCICIO.

Consistirá nunha proba de aptitude física. Puntuarase cun máximo de 7 puntos.

Consiste en empregar un banco de aproximadamente 40 cm. para os homes e 33 cm. para as mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante 5 minutos. O ritmo se marcará cun metrónomo. Unha vez finalizado a persoa repousará durante 15 segundos e tomarase o pulso. Cos datos da idade, peso e pulsacións obterase a capacidade aeróbica do aspirante.

Os aspirantes que non obteñan unha capacidade aeróbica igual ou superior a 40 quedarán eliminados do proceso selectivo. O exercicio puntuarase do seguinte xeito:

- Capacidade aeróbica entre 40 e 43: 5 puntos.
- Capacidade aeróbica entre 44 e 46 : 6 puntos
- Capacidade aeróbica de 47 ou máis: 7 puntos

#### SEGUNDO EXERCICIO.

Puntuarase cun máximo de 7 puntos.

Consistirá nunha proba práctica consistente nun simulacro de primeiro ataque a un incendio forestal no termo municipal e ao que o/a aspirante terá que desprazarse dende a Praza do Concello de Agolada a un punto a determinar polo tribunal e no que se procederá a realizar o dito primeiro ataque.

O tribunal valorará a rapidez de resposta ao aviso de incendio, a capacidade de valoración da situación á que se enfronta e o manexo de ferramentas para efectuar o primeiro ataque e no caso dos aspirantes a peón condutor valorarase a pericia na condutor no manexo do vehículo.

#### TERCEIRO EXERCICIO.

Puntuarase como apto ou non apto.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba escrita de galego, que será cualificada como apto ou non apto.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

#### **BASE 8                      Curso teórico-práctico de formación**

Os/as aspirantes que superen o proceso selectivo terán que efectuar un curso teórico-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais de

16 horas que será impartido polo persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal, contendo as materias establecidas no anexo IV ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Agolada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2012, do 23 de xuño de 2016.

Este curso será obrigatorio aínda que os compoñentes das brigadas xa o recibisen en anos anteriores.

## **BASE 9                      Formación de bolsa de traballo**

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse tres listas (unha de xefe de brigada, outra de peón de brigada-condutor e outra de peón de brigada) dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo segundo a orde de puntuación obtida por cada unha das categorías existentes.

A acta do tribunal de selección elevarase á Alcaldía para que dite resolución de aprobación das tres listas de aspirantes.

Os aspirantes contidos nas ditas listas poderán ser contratados durante a súa vixencia sempre e cando, antes da súa contratación, superen e acrediten os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa aplicable nese ano e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Ademais, con carácter previo a súa contratación, deberán presentar informe médico no que conste expresamente que teñen capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixianza e defensa contra os incendios forestais e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

No caso de que os aspirantes teñan que superar algunha proba esixida no correspondente convenio ou nas presentes bases, a proba realizarase ante o tribunal de selección que con ocasión deste proceso se nomee, sen prexuízo de nomear un novo tribunal ó efecto.

No caso de esixir a superación polos brigadistas dunha proba física de esforzo, esta se entenderá xa realizada coa superación do proceso selectivo.

As listas de aspirantes que se creen terán unha vixencia ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, a dita lista quedará anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproban novas listas de aspirantes.

O funcionamento da bolsa rexerese polas seguintes normas:

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento o/a interesado deberá comunicar ao concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración do número de contacto, aínda que esta alteración teña carácter transitorio, e como mínimo realizaranse dúas chamadas.

O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a ser contratado, e sen prexuízo de que o



aspirante o comunique tamén de xeito formal. De non atender ó chamamento, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición de ser contratado.

De manifestar a súa disposición, a Alcaldía ditará resolución de requirimento – a resolución será publicada na páxina web do concello e desde ese momento empezarán a contar os correspondentes prazos (sen prexuízo da posibilidade de comunicar tamén dita circunstancia por vía telefónica ou por correo electrónico)- para que acrediten e, no seu caso, superen os extremos requiridos no correspondente convenio, presenten informe médico no que conste expresamente que teñen a capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais e declaración xurada de non estar incurso en inhabilitación para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

Se no prazo que se sinale, o aspirante non presenta a documentación requirida, non acredita ou, no seu caso, non supera os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior( entenderase por forza maior entres outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado)

De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ao seguinte aspirante da lista.

Ó rematar o contrato, o/a aspirante retornará ao posto que lle corresponda na lista aprobada.

#### **BASE 10 Interpretación das bases**

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

#### **BASE 11 Recursos**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo non Boletín Oficial da Provincia (artigos 116, 117 e 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). No caso de que interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

#### **ANEXO I Modelo de solicitude**

MODELO DE SOLICITUDE.

D/ D<sup>a</sup>....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., C.P....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no concurso-oposición convocado para a provisión do posto de traballo de \_\_\_\_\_ mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases de selección para a creación de tres listas de aspirantes a persoal laboral temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Agolada.

Para tal efecto fai constar:

1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e que aporta a documentación esixida para ó efecto ( orixinais ou copias compulsadas)

2º Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.

3º Que son certos tódolos datos que constan nesta solicitude.

4º. - Que achega con esta solicitude a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI, ou pasaporte.

- Copia compulsada do título académico e carne de conducir B

- Informe médico no que fai constar que reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como "*Pobra física*" e de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

- Relación dos seguintes documentos ós efectos da súa valoración na fase de concurso (anexo II)

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas (marcar o que proceda):

- Xefe de brigada
- Peón de brigada-condutor
- Peón de brigada

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20

Asdo: \_\_\_\_\_

## **ANEXO II Relación de méritos**

Relación de méritos.

Nome e apelidos

Posto ao que aspira:

<b>EXPERIENCIA PROFESIONAL</b>
--------------------------------

